



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 29 de xaneiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29 de xaneiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

### **Propuestas**

#### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

##### **PRP2018/256**

Visto o escrito de D. Luis Vila López, solicitando autorización para instalación do Circo de Portugal no xardín dianteiro situado no Recinto de Fexdega, do 12 ao 23 de setembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle non se concede a autorización na zona solicitada, podendo instalar o Circo nas seguintes ubicacións:

- Parte de atrás de FEXDEGA.

- Zona verde da TIR (neste caso dado que non é de titularidade municipal, deberán obter a correspondente autorización da Autoridade Portuaria.

No caso de situalo na parte de atrás de FEXDEGA, deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Ademais propónse que durante o desenvolvemento da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con taxa, polo que deberá abonala no negociado de Rendas. (superficie declarada)
- Dado que o domicilio fiscal é fora do municipio, a efectos de garantir a limpeza e os danos que se poidan producir no pavimento, fíxase unha fianza de 2.000,00€ para execución por parte do Concello, en caso de non cumprir as condicións que se que se fagan constar na autorización.

Deberá comunicar ao Concello a ubicación concreta elixida.



#### **PRP2018/259**

Dáse conta dos escritos presentados por Dona M<sup>a</sup> Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, os días 27 de xaneiro, 28 de abril, 7 de xullo, 29 de setembro e 24 de novembro de 2018 para a captación de socios e información xeral.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/260**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Alfonso Sánchez Taibo** de cesión de terreos ao Concello (119,25 m<sup>2</sup>) para ampliación do camiño Real – Cea, coa finalidade de que polo Concello se executen as obras de acondicionamento e asfaltado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a cesión do citado terreo e que se proceda á realización dos trámites para a súa inclusión no Inventario de Bens Municipal.

#### **PRP2018/263**

Dáse conta resolución da Consellería de Política Social, de concesión de axuda para o investimento na mellora das infraestruturas da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de 20.000 €, ascendendo o importe total do proxecto de “Substitución de material de cobertura na escola Infantil Municipal Bonecos” a 58.806,04 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/264**

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación con **BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L.** para actuacións de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2018, por un importe total de 8.080,81 € (IVE incluído) (673,40 €/mes), con cargo ás partidas 231.22799 e 171.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



## Emprego

### PRP2018/268

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica de aprobación da contratación externa das accións formativas destinadas á alfabetización e capacitación dixital na Aula CEMIT do Concello de Vilagarcía ara o ano 2018, e dos proxectos formativos propostos polas seguintes empresas:

- Academia Elisa.
- KAEME Consultoría e Prevención.
- D. Alberto Fandiño Mariño.

Visto o informe emitido, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **KAEME Consultoría e Prevención, S.L.** o proxecto citado, por un importe total de 15.000,00 €, de conformidade coa proposta presentada, por considerar que é a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Dar conta á Área de Comunicación Social para a realización de material necesario.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2018/390

Dáse conta da comunicación por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral do fin do período subvencionado ao 31 de xaneiro para o Servizo de Orientación Laboral e a posibilidade de remitir autorización de mantemento provisional do servizo mentres non se publique a convocatoria correspondente ao ano 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir o modelo de solicitude de autorización provisional ao Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia para seguir mantendo o servizo subvencionado, xunto co anexo dos datos da orientadora laboral contratada para tal fin dende o ano 1998.

## ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### Sanidade

#### PRP2018/270

Dáse conta da solicitude de **D. Oscar Leiro Santos** de transmisión ao seu favor da licenza municipal de taxi nº3, da que é titular D. Manuel Treviño Nogueira. Visto o informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a transmisión solicitada.

De acordo co preceptuado no artigo 17.5 da Lei 4/2013, a transmisión da licenza atópase condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular, debendo solicitar á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia a transmisión da autorización interurbana de taxi, para o que presentará, ante o Servizo de Mobilidade, a seguinte documentación (segundo se indica expresamente no informe remitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra-Servizo de Mobilidade, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas):

- Impreso de solicitude
- Xustificante de pago da taxa de transmisión de autorización.
- Permiso de circulación do vehículo, ficha técnica e ITV vixente; debendo este axustarse aos requirimentos técnicos esixidos pola normativa vixente, en especial no tocante á



capacidade do maleteiro, que deberá contar como mínimo de 45 litros de capacidade por cada unha das prazas de uso dos pasaxeiros que lle sexa autorizada.

- Alta no imposto de actividades económicas (IAE ou alta de declaración censal).
- Carné de conducir.
- Alta na seguridade social ou recibo de autónomos correspondente ao derradeiro mes.
- Follas/libro de reclamacións e taxa.
- Póliza de seguro (Responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente-50.000.000 €) e recibo de pago.
- Autorización de transmisión da licenza municipal.
- Orixinal da autorización VT-N do transmitinte.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2018/287**

Dáse conta de escrito remitido por **MEDELAND EVENTS, S.L.**, empresa encargada de levar a cabo a campaña RAEE da Xunta de Galicia “O que se enchufa, recíclase”, solicitando autorización para colocar un posto informativo dende o 8 ata o 22 de febreiro de 2018, de martes a sábado, en horario de 11 a 14 e de 16 a 19 horas (os domingos 11, 18 e os luns 12 e 19 non se colocará o stand).

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para instalar o posto na Praza da II República, así como a colaboración municipal coa instalación dun punto de luz e cesión de dúas carpas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Dar conta á Policía Local, Servizo de Electricidade e Servizo de Obras.

#### **PRP2018/289**

Dáse conta da publicación no BOPPO de data 29 de decembro de 2017 das Bases de subvencións en especie para adaptación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra, dentro das actividades do Proxecto 0264-ESTRAEE “Estratexia sostible transfronteriza para a xestión dos RAEE” cofinanciado nun 75% do FEDER a través da primeira convocatoria do POCTEP 2014-2020 (INTERREG V-A POCTEP).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se solicite subvención ao abeiro das citadas bases.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2018/282**



Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Juan Piñeiro Bernárdez** para a realización de tarxetas informativas do punto de información LGTBIQ do Concello, por un importe total de 465,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

### **PRP2018/292**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para celebrar no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó Salón”, unha serie de concertos a cargo da Compañía **New Live Promociones Culturales, S.L.**, sendo o prezo das entradas de 7 € para adultos, e gratuíto para menores de 16 anos e desempregados, poñendo así mesmo un abono para as tres actuacións por importe de 15 € e a recadación da venda de entradas para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencias da celebración dos concertos.

Acórdase a sinatura do contrato correspondente coa citada Compañía, con cargo á partida 334.22699, coa seguinte desagregación:

- La Habitación Roja: 4.507,25 € (IVE incluído)
- DEPEDRO: 5.916,90 € (IVE incluído)
- Christina Ronserving: 5.263,50 € (IVE incluído)

### **PRP2018/296**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado **BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L.**, para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2018, por importe de 2.420,00 €, con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2018/299**

Vista a solicitude de D. Luis Rovira Yagüez, en representación de **Transeduca Acció Educativa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 23 de xaneiro de 2018, en horario de 8:00 a 15:00 horas, para a representación da obra de teatro “Les Miserables”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

. O prezo das entradas será de 6 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día: 264,70 €
- Responsable da Sala: 7 horas, a 10,20 €/hora: 71,40 €

TOTAL: 336,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2018/301**

Vista a solicitude de Dona María Mesia Pita, como Directora do **CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 15 de xuño de 2018, para a celebración do acto de Graduación do alumnado de Sexto de Educación Primaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2018/304**

Vista a solicitude de Dona Beatriz Alfonsín Galiñanes, en representación do **IES Castro Aobre**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 20 e 21 de xuño de 2018, para a celebración do Festival de Fin de Curso, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

#### **PRP2018/311**

Dáse conta do escrito presentado por D. Alfonso R. González Gallego, como Presidente de **Cruz Roja Española** agradecendo ó Concello a cesión do uso das instalacións do Auditorio



Municipal para a celebración das distintas actividades formativas levadas a cabo dende Cruz Roja O Salnés ao longo de 2017, así como a cesión da vivenda para acollida de refuxiados. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2018/314**

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de **A.C.M. Sociedad Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, para a celebración da programación cultural do primeiro semestre de 2018, para concertos: día 01-02- VAnessa Benelli Mosell; día 17-03- Quinteto Hercules Brass; día 26-04- Lea Hennino y Anna Fedorova; 02-06- Katerina Ketriavoka y Ricardo Estrada) e os días 31 de xaneiro, 25 de abril e 1 de xuño para ensaio.

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

Dado que solicitan o uso de Piano, dar conta á Directora do Conservatorio de Música.

#### **PRP2018/318**

Vista a solicitude de D. Manuel Gallego Quiroga, en representación de **Testigos Cristianos de Jehová**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 31 de marzo, en horario de 19:30 a 22:00 horas, para a celebración dunha conferencia, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón García: 1 día, 132,35 €
- Responsable de Sala: 4 horas, a 10,20 €/hora: 40,80 €

Dar conta ao Departamento de Rendadas.



#### **PRP2018/321**

Vista a solicitude de **D. Germán Torres de Aboal**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 27-01, 31-3, 28-04 e 26-05, en horario de 18:00 a 20:30 horas, para a celebración das novas edicións da Mesa das Verbas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2018/324**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato de servizos consistente no levantamento topográfico (planimetría e altimetría) das Rúas Vázquez Leis, Cervantes e das Rúas que conforman o Barrio de Os Duráns, á empresa **OFTEFOR, C.B.** por un importe de 1.600,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 336,00 €, o que totaliza un importe de adjudicación de 1.936,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 150.640.

#### **PRP2018/327**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo indicando que tendo en conta o convenio aprobado coa Comunidade de Herdeiros de Dona Enriqueta López Ballesteros, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a **D. Fernando Puceiro Bouzas** o contrato de servizos consistente na redacción do proxecto básico e de execución para a construción de muro de contención de terras de 40 ml na Avda. López Ballesteros (A Torre), por un importe de 1.600,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 336,00 €, o que totaliza un importe de adjudicación de 1.936,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 150.640, coa finalidade de cumprir coas obrigas municipais derivadas do citado convenio, relativas á construción dun muro.

#### **PRP2018/328**

Dáse conta da publicación no BOPPO, nº 2, de 3 de xaneiro de 2018, das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar unha subvención, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, por importe de 138.381,41 € (100% do investimento previsto, IVE incluído) para adquisición da parcela de 3.672 m<sup>2</sup> con referencia catastral 8748995NH1184N0001EJ, situada na Rúa Adolfo Pedrido Morla (lindeira cos terreos que compoñen o Complexo Deportivo de Fontecarmoa).

2.- Aprobar as prescricións técnicas que rexerán a licitación que de acordo coa normativa de contratación proceda convocar.





## **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2018/388**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de decembro de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

### **PRP2018/389**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2017, por un importe total de 6.930,00 € e con cargo á partida 912.233:

<b>CARGO ELECTO</b>	<b>Número Sesións</b>	<b>€/sesión</b>	<b>Total Euros</b>
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	8	110	880,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	8	110	880,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	8	110	880,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	4	110	440,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	4	110	440,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	1	110	110,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	3	110	330,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	3	110	330,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	3	110	330,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	4	110	440,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	4	110	440,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	4	110	440,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	2	110	220,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	4	110	440,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	3	110	330,00
<b>TOTAL</b>			<b>6.930,00</b>

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.